VERBO XIDO

Nº 12 • Outubro 2005

Verbo Xido

Asociación Ecoloxista e Cultural da Terra de Montes

CAMIÑO DO POUSO, 2 • 36560 SOUTELO DE MONTES

BOLETÍN INFORMATIVO DE ECOLOXÍA E CULTURA DA TERRA DE MONTES

E-mail: centroetnografico@yahoo.es / Web: www.cetmo.trazantes.com

¿Quen queima o monte?

No ano 1982 o enxeñeiro agrónomo Plácido Baamonde López denunciaba nunha conferencia a escándalosa destrución provocada polos incendios forestais e afirmaba que representaban un caso dramático e único en Europa e quizais no mundo. Baamonde López manexaba datos do periodo comprendido entre 1973 e 1981, e engadía, xa daquela, que a intencionalidade oscilaba entre o 60 por cento e o 80 por cento.

Moito choveu dende entón, pero os montes galegos seguen a arder coa maior impunidade. Sobre a causa dos mesmos tense elaborado moitas teorías, que van dende a expoliación aos veciños da propiedade dos montes comunais para políticas reforestadoras nos tempos do franquismo ata o fenómeno da emigración e o conseguinte despoboamento, pasando polas políticas agrarias dos últimos anos, nas que os sucesivos gobernos do Partido Popular apostaron por unha Galiza fornecedora de pasta de papel e sementaron o país dunha especie allea e empobrecedora do solo como é o eucalipto.

Tamén habería que engadir as motivacións políticas, os supostos intereses económicos de determinados sectores do ramo da madeira, a caza ou unha política errada na prevención de incendios, cun custo de máis de dez mil millóns das antigas pesetas, e que se basea únicamente en apagar as queimas, o que xeraría unha industria do lume con tramas ocultas que serían as causantes dos maiores incendios.

Queda en evidencia que despois de varias décadas de sufrir o noso país o andazo dos incendios, a Xunta non foi quen de responder ás dúas grandes preguntas: ¿Quen queima o monte e porque? O cal demostra un escaso interese ou ben unha manifesta incapacidade para descubrir aos culpables, malia que as pautas de actuación dos pirómanos e a aparición de artefactos incendiarios que precisan de certa elaboración parecen dar por sentado a existencia de tramas interesadas na queima dos montes, aínda que as razóns non estén de todo claras.

Os actuais responsables en materia forestal do Goberno galego deben responder as expectativas cidadáns e aplicar canto antes as medidas necesarias para poñer fin a unha praga que destrúe a nosa riqueza forestal e supón un atranco para o desenvolvemento económico do país.

Teo Silveira

O Centro Etnográfico cumpre cinco anos

Máis de 4.000 persoas visitaron o CETMO dende a súa apertura no ano 2000

En agosto de 2000 abría as súas portas na zona antiga de Soutelo o Centro Etnográfico de Terra de Montes (CETMO). Era o froito dunha longa labor de colleita de pezas de labranza por parte da familia González Penas, que inician a partir dunha pequena colección composta polos trebellos da casa do abó Xosé María Penas -o tío Xosé María, como era coñecido familiarmente-, con carnicería na vila forcaricense. Alí había xugos, artesas, sachas, gadaños, un escanil e todos os apeiros necesarios para unha familia labrega da época.

O segundo impulso da colección parte dos fillos de Constantino González, o actual mantedor e animador do centro. Nas súas viaxes a Francia, Italia ou Inglaterra, e levados pola súa paixón polas cousas de antes, visitan moitos museos etnográficos e xorde neles a inquedanza por facer algo semellante na Terra de Montes. A partir desa idea comezan a traballar e a buscar pezas para aumentar a colección inicial. Nesta tarefa xoga un papel primordial Alfredo, o fillo mayor de Constantino, estudante de arqueoloxía e que recolle e restaura numerosas pezas co afán de estudar, preservar e divulgar o patrimonio cultural da bisbarra.

Constantino González Penas, na sua casa de Soutelo.

Nun labor lento e calado, a familia Penas conseguiu reunir máis de 1.200 pezas, gran parte das cales se exhibe na sede do CETMO

Nun labor lento e calado, a familia consegue reunir un patrimonio que se materializa no que hoxe é o Centro Etnográfico, con máis de 1.200 pezas das que un total de 740 áchanse expostas nunha tradicional casa campesiña no barrio antigo de Soutelo. No primeiro andar distribúense as salas adicadas ao tecido, á

roupa, á alcoba e ao neno, elementos todos eles cun carácter doméstico e feminino. Neste mesmo andar pódense ver pezas relacionadas coas crenzas relixiosas das xentes do campo: destacan entre elas os petos de ánimas e un rústico confesionario. Tamén hai un espazo adicado á emigración, con baúles, maletas, cartas e diversos obxectos traídos polos emigrantes. Remata a visita a este andar coa sala dos oficios artesanais, estes xa masculinos: os relacionados co traballo da madeira (serranchín, carpinteiro, zoqueiro, zapateiro...)

A parte baixa da casa acolle a continuación dos oficios: cómpre salientar o magnífico equipo de cereiro. Máis común era o oficio de canteiro, que lle deu sona á Terra de Montes. Pedreiros, albaneis e camiñeiros completan os traballo relacionados coa construcción da paisaxe.

A importancia do centro como elemento revitalizador da comarca reflícteo o número de visitantes: 4.200 dende a súa apertura. No verán acoden sobre todo xentes de Galicia e tamén doutras comunidades. No inverno colexios e asociacións de veciños ou da Terceira Idade. Aínda ser unha cifra importante, o centro sufriu ata agora a marxinación institucional, pois non figura incluido na Historia Fotográfica de Forcarei ou no folleto turístico do concello.

O mantemento recae na súa maior parte sobre a familia González Penas, e aínda que o CETMO recibe unha pequena axuda de Caixanova, esta non cubre os gastos. Neste capítulo tampouco o concello nin outro organismo oficial fixeron algunha aportación, malia se ter feito as correspondentes peticións. O Bloque Nacionalista Galego presentou unha proposición non de lei do Parlamento autonómico neste sento, pero sen ningún resultado práctico. O director xeral de Creación e Promoción Cultural da Xunta de Galicia, Luís Bará, na súa visita o Centro Etnográfico durante a última Festa do Gaiteiro, amosou a súa disposición a tramitar algunha axuda.

A colección vén desenvolvendo unha importante labor de dinamización cultural e social na comarca de Terra de Montes

Por outra banda, non sería xusto omitir a axuda que o CETMO vén recibindo dende hai varios anos da "Verbo Xido", que non só se traduce no aspecto económico e no apoio moral, senón tamén na difusión do centro a través dos medios de comunicación, guía de visitas, organización de actos na súa sede, etc.

En definitiva, e aínda que dende diversas instancias se lle negue o debido recoñecemento, o Centro Etnográfico vén cumprindo dende a súa fundación un importante labor de dinamización cultural e social na comarca, gracias á cal Terra de Montes, e mais en concreto as vilas de Soutelo e Forcarei, son coñecidos fóra dos límites da bisbarra non só pola súa gastronomía ou a riqueza dos seus cotos de pesca, senón tamén polo seu importante patrimonio etnográfico, aínda non suficientemente valorado.

Teo Silveira



Un tear exposto no CETMO.

Contra o lume, regulación do sector forestal

-Unha ordenanza regulará no concello de Cerdedo a actividade forestal
-Os madeireiros ten que deixar de arrasar con todo o que atopan ao seu paso
-O principal factor para a desaparición do lume é a concienciación social

Lembrámonos de Santa Bárbara cando trona. E este ano tronou o lume ao longo e ancho do país durante todo o verán. Galiza ven de pasar varios meses convertida nunha gran fogueira, como se San Xoán reclamara o seu tributo de forma perpetua máis aló do solsticio que recibimos, cada ano, a golpe de lume e sardiñada.

Terra de Montes non foi a excepción. Ben cedo, na primavera, un tremendo incendio asolou boa parte do concello de Cerdedo convertendo en fume toda a vexetación e matorral que medraba no monte sen ningún control. Ese foi o detonante para que a administración municipal tomara conciencia do problema e dictara unha Ordenanza que regule a actividade forestal no concello de Cerdedo. Tivo que estar a piques de arder algunha casa para que se adoptaran medidas para controlar, no que cabe, ese cáncer que arrasa a nosa terra. Esta iniciativa debía ter sido adoptada hai xa dous anos, pois daquela o grupo municipal do BNG propuxo a aprobación dunha ordenanza, mesmo presentando un modelo.

O obxecto da ordenanza é regular as distancias do arborado a edificacións, prados e camiños; así como as especies a empregar nas novas prantacións e repoboacións. Ademáis preténdese regular a corta ou tala de árbores, co fin de garantir a preservación do medio e a axeitada conservación de presas, cunetas, fontes, camiños e vías municipais.

Grobas

No primeiro aspecto, é evidente que se fai urxente regular de xeito estricto as distancias mínimas das prantacións forestais respecto dos núcleos habitados e outros aproveitamentos agrarios. Mesmo a selección

das especies a sementar é importante, debido á diferente combustibilidade de cada una delas. Bótase en falta a obriga de manter limpas as parcelas privadas.

En canto á segunda cuestión, vai sendo hora de poñer límite ás desfeitas daqueles madeireiros que arrasan con todo o que atopan ao seu paso, deixando tras deles extensións de monte nas que se abandonan toneladas de restos das cortas, un dos principias elementos combustibles coa chegada do calor.

A miúdo danse tamén casos nos que a maquinaria empregada e a caída de árbores desfan muros, pistas, cunetas e presas ou mesmo tendidos eléctricos e telefónicos sen que os responsabeis amosen a menor intención de repoñer o seu estado. Coa aplicación desta ordenanza poñerase fin á actual "lei da selva" imperante, facendo que cada quen responda polos danos causados, o que motivará a prevención de que non os haxa.

Evidentemente, é cuestión indispensable que a devandita ordenanza se aplique de xeito estricto e non quede nun mero lavado de cara da autoridade municipal fronte ao descontento veciñal polos lumes sufridos este ano. É máis que segura a resistencia dunha parte da veciñanza á aplicación das distancias e selección de especies recollidas na ordenanza, polo que supón de limitación á hora da obter unha suposta "rendibilidade" das súas terras. De aí que sexa imprescindible unha activa labor de concienciación por parte do Concello acerca dos efectos positivos da estricta aplicación desta ordenanza. A mellor rendibilidade que podemos conseguir para os nosos montes é a preservación do medio natural ao que lle debemos a nosa subsistencia, por moito que algúns esquezan que o cemento non se come.

O principal factor para a desaparición do lume no noso monte é a concienciación social do problema e da importancia que o monte e toda a riqueza que xenera ten na nosa vida. Este verán, mentres os montes ardían sen descanso, as praias estaban cheas de multitudes que se lamentaban, cos pés en remollo, da catástrofe que observaban desde lonxe; sen pasárselle pola cabeza a osadía de botar unha man contra o lume.

A estas alturas da nosa historia, para os galegos, o lume no monte é un fenómeno metereolóxico máis, sempre estivo aí, como a neve ou as xiadas. Iso ten que mudar xa, non esquezamos que o monte é unha herdanza dos nosos avós que debemos manter en bo estado para os nosos netos.

Roberto Vázquez Blanco

Forcarei e Cerdedo, os máis afectados polos incendios

Os incendios forestais queimaron máis de 3.377 hectáreas na comarca de Tabeirós-Terra de Montes durante os últimos catro anos, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, avalados pola Consellería de Medio Rural, que nestes intres xestiona os efectivos na loita contra incendios. No que vai de ano a cifra supera as 1.700 hectáreas.

A superficie rasa foi a principal vítima das chamas na zona, especialmente no Concello de Forcarei, que vén rexistrando a maior extensión de superficie calcinada. Neste concello o lume arrasou dende o mes de xaneiro 854,69 hectáreas; 786,96 de superficie rasa e 67,73 de arboredo. O ano pasado queimaron 562,36 hectáreas de superficie rasa e 40,14 de arboredo. Se temos en conta que un campo de fútbol equivale a una hectárea de terreo, podemos facernos unha idea da extensión afectada polo lume.

Pola súa banda, o concello de Cerdedo é o segundo gran damnificado este ano. O municipio viviu -sobre todo entre marzo e abril numerosos focos que, en gran medida, estiveron favorecidos pola sequidade do terreo ante a falta de chuvia e a acción do vento, chegando a poñer en perigo algunhas vivendas. Dende primeiros de ano, 461,89 hectáreas foron pasto das chamas, 364,05 de monte raso e 97,04 de arboredo. En 2004 o lume queimou 67,7 hectáreas, o cal permite apreciar o grande impacto que os incendios ten neste concello.

Terceira edición de Terra de tod@s

Montes ardendo o 6 de agosto deste ano 2005, o andazo endémico que devasta a terra cando soben as temperaturas nos días de verán, ou mesmo se andamos tempos de inverno. E a violencia dunha morte, outra máis, por culpa deses lumes deliberados que queiman a nosa paisaxe e a nosa alma. Deixou ese día a vida, e a soidade para os seus, un home de Láncara, Antonio Díaz Díaz, de 50 anos, piloto dunha avioneta contra incendios.

Coma todos os sábados de verán e calor, amoreábanse greas de xente nas praias de moda cos corpos untados de graxas sintéticas para protexer as súas peles do sol. Ecoaban berros agudos de rapaces na auga, barullaban músicas pegañentas coma suor de calmurcios nos chiringuitos, de cocacolacoloniza. E o run...run...run..., o rosmar teimudo, nas estradas que levan á costa turística, ateigadas de ringleiras de coches que aseguran a felicidade de contaminantes aires acondicionados envoltos no sorriso virtual das fotos publicitarias de pretensiosas belezas, os retratos manipuladores manipulados en pantallas de ordenadores de frías oficinas.

Mais ese mesmo sábado 6 de agosto acougaba silencio de carballos vellos no interior da Terra de Montes. Silencio respectuoso nos baixos do Centro Social de Muradás (Beariz), onde ficaban escasas as cadeiras nalgúns momentos do día para os asistentes á Terceira Edición de "Terra de Tod@s" organizada por "Verbo Xido". Escoitamos a Antón Masa, da Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra, a Daniel Vispo, de Adega, ao biólogo Antonio Presas, de Lalín, a Gonzalo Sancho, da Asociación Ecoloxista Vaipolorío de Pontevedra. Pola tarde falaron Mariano Lema, do Sindicato Labrego Galego; David Rodríguez, da Asociación Cultural e Ecoloxista Ridimoas de Beade; Emilio García, da Coordinadora de Defensa do Río Lérez, e Cándido Martínez, do Grupo Ecoloxista Luita Verde, do Morrazo.

Nos baixos do Centro Social de Muradás as palabras debullaban con rigor crónicas de agresións e desfeitas: o mercurio de Ence na ría e as substancias tóxicas no ar de Pontevedra e a súa contorna, os atentados actuais e as ameazas futuras aos nosos ríos, a destrución que carrexan os parques eólicos que inzan a eito os nosos montes, as navalladas de autovías que incomunican aldeas, ou o progreso insostíbel dos AVE cos que pretenden xunguir o Paseo de la Castellana co Club de lates de Baiona... E palabras de denuncia: en Cerdedo, favelas ocupadas por xentes de Portugal e da Ucraína, que traballan encorando ríos ás ordes dos escuros intereses hidroeléctricos, e viven nelas en condicións semellantes ás dos obreiros do século XVIII, e morren en accidentes laborais que ninguén contabiliza; e os perigosos petardos que, se xulgamos polos decibelios do seu estrondar, dinamitan o monte e toda a lexislación da Unión Europea sobre a materia; os monumentos megalíticos derramados na máis total das impunidades polas pas das máquinas escavadoras, que rachan o entorno para erguer os muíños de vento contra os que xa arremetía a raiba de Don Quixote, pois ben sabía el que, a pesar as aparencias, se trataba de perigosísimos xigantes.

E palabras para o futuro: recuperaremos a biodiversidade na Ría de Pontevedra, pois pecharán esa fábrica do cheiro; a vida esquilíbrase en relanzos do hai pouco tan contaminado río dos Gafo; as experiencias das loitas contra a autovía e o club de golf, no Morrazo, arrequecen a oposición a atentados contra o medio por parte de asociacións varias; a intelixencia de se valer dos dereitos sacrosantos da propiedade privada ao seu xeito, por parte do colectivo de Ridimoas, fai florear no Ribeiro espléndidos espazos de flora e fauna de noso, e traballan xa nesta terra, e aumenta a cotío o seu número, labregos e labregas que pensan no sostíbel en clave de culturas ecolóxicas.

Tamén unanimidade na man tendida ao novo Gobierno Autonómico, que ten a obriga de estrear políticas diferentes das do posministro franquista e a rede caciquil que o mantiña, e unanimidade na firmeza coa que as asociacións alí presentes esixirían un radical cambio en todo o relacionado co medio ambiente.

Xa no solpor, como despedida, palabras para o soño: á beira da auga que moveu muíño en Magros, os poemas de Josecho de la Torre, seus e alleos, e a voz dunha moza recitando, á regueifa coa dozura do murmurio das augas, e a guitarra de Toñito de Poi e as súas cantigas, e a poesía de Josep Ghanime...

X.L. Santos Cabanas

Verso a verso

De novo abrimos estas páxinas á poesía. Desta vez aos versos de Josecho de la Torre e Senén Fontanes, que xa nos ofreceron unha mostra da súa arte no recital de Muradás, co gallo da terceira edición de Terra de Todos . Son dous poetas mozos, pero donos xa dunha obra comprometida e plena de madurez que xira arredor da terra, o pobo, o amor e a solidariedade.

MULLER LABREGA

Poder ser, coma ti, a estrela da noite.
Espir o mar do teu relato
Ollar o teu Outeiro e o teu Piñeiro;
a paz da túa mirada labrega.
Déixame onde remata a túa nenez,
celeste suor de eira
flor sedenta de vida; solsticio.
Que o ceo abranga o teu soño,
boa e xenerosa muller escura;
Que a lúa acompañe os teus pasos,
bico da terra que te enxendrou.

Josecho de la Torre

A MAN, DE CAMELLE

Transparente debuxo o teu nome na pel dun soño
Galicia, beizo húmido sobre fronte espida
Lúa quebrada arrolada polas ondas
Transparente a túa lingua inquisidora.

Batendo
Bulindo
Remexendo dente a dente.
Escuma transparente, zume de mar
Arrepío sanguíneo, dentadas salvaxes
Na fronteira do abismo.

Transparente os teus peitos avanzando erguidos, centímetro a centímetro
Rompente granítica con mamilas salinas
Mergúllome inconsciente no teu sexo transparente
Pelve mollada por un mar batente.
Transparente te acordo
Lembrareite transparente.

Senén Fontanes

ZONA CERO

A zona cero é o espírito da dor, a impotencia do home
onde franquea a verba e a morte.
Zona cero; lugar sen cobertura, corazón nun puño,
Desexo aniquilado para a humanidade.

A zona cero está nas cinsas dun outeiro arrasado
E mestúrase nos recordos dos nativos
coa vestimenta funesta da Señora Lola
que camiña polas Avesadas coas bágoas nos ollos

A zona cero está nos vértices pechados da vida
Que podrecen malferidos polo seu egoísmo
E detestan irmandade, xenerosidade e ben común;
lugar sen cobertura, corazón podre

A zona cero é o mundo real dentro da ficción do home
que leva cravado un fungueiro nas retinas
e perde devagar o norte da súa identidade.
Zona cero; lugar sen identidade; corazón pasivo.

A zona cero é o mundo rural que alguén esqueceu
no estante dereito dunha oficina
que disipa xente, tomadas, gandos e cultura
pobo secundario, lugar esquecido.

Zona cero; praia escura, queimada, petroleada
E o pobo aldraxado e tinguido de negro malicioso
sementa unión dende o epicentro ata as galaxias
e dende o universo berra nunca máis con dignidade.

Hai unha zona cero dende Muxía a Lourizán
que gaduña ríos e costas, montes e aldeas
a zona cero é unha circunvalación, unha autovía,
unha fábrica, un encoro, uns depósitos, unha empacadora
un vertido, un incendio, un asasinato, un esquecido...

Josecho de la Torre

As celebracións do 14 de abril no Cerdedo republicano

A II República, instaurada a partir do 14 de Abril do ano 1931, significou máis que nada o acceso ás responsabilidades públicas e á toma de decisións colectivas, de capas sociais maioritarias e secularmente marxinadas, como os labregos, os mariñeiros, os obreiros e a pequena burguesía. Este protagonismo na "cosa pública" das clases desfavorecidas, unido ao grande esforzo que o novo réxime realizou no eido educativo, dignificando a figura do mestre e levando a educación pública a todos os recunchos do Estado, mudou o ambiente social emerxendo unha cidadanía consciente dos seus dereitos que reclamaba aos políticos maior honestidade, ecuanimidade e altura de miras á hora de exercer os seus cargos.

No calendario cidadán daquel tempo, destacaban dúas celebracións cheas de sentido: unha a do Primeiro de Maio, na que os traballadores aireaban as súas reivindicacións e o anceio dunha sociedade sen explotación do home polo home, e outra, a do 14 de Abril, onde a cidadanía expresaba o seu recoñecemento pola conquista das liberdades públicas e da dignidade colectiva. Hoxe imos falar un chisco dunha celebración do 14 de Abril, a correspondente ao ano 1932, e deixaremos para outra ocasión as multitudinarias xuntanzas do Primeiro de Maio en Cerdedo.

O primeiro aniversario da República estivo precedido por unha chea de bombas de palenque, chimpadas na tardiña do día anterior dende moitos lugares da contorna da capital municipal: en Lourido, Barro, Figueroa, San Martiño ou Deán resoaron foguetes a eito, cunha algarabía que xa houberan querido igualar a noite do 19 de Xuño de 2005 os seguidores do Partido Popular.

No propio 14 de Abril, a conmemoración foi madrugadora: ás 6 da mañá, 21 bombas levantaron ate o veciño máis preguiceiro da cama e, pouco despois, as dúas bandas que daquela había en Cerdedo, a dirixida por Francisco Cerdeira e a que tiña como alicerce a José Benito García, remataron a xogada tocando dianas e alboradas por toda a vila. Cando o sol xa comezaba a quentar, a eso das dez e media, comezaron a se xuntar na praza do Concello as autoridades municipais, os rapaces das escolas de todo o municipio xunto cos seus mestres e mestras e -non podían faltar- nutridas comisións das distintas agrupacións agrarias, obreiras e cidadáns tanto de Cerdedo como da veciña Presqueiras: Centro Republicano Radical Socialista, con Secundino Bugallo e Antonio Sueiro á cabeza; a Agrupación Socialista de Presqueiras, co edil forcareicense Alfredo Iglesias como senlleiro representante; a "Liga Pro Cultura y Fomento de los Intereses de Cerdedo"; as Sociedades Agrarias de Figueroa, Quireza, Bugarín, Castro, Tomonde, Parada, Folgoso e outras, coas súas bandeiras portadas por coñecidos loitadores tal que Luciano García Ventín, José María Nieto ou Francisco Arca. Logo formouse unha magna procesión cívica que percorreu, precedida e rematada polas devanditas bandas de música, as rúas cerdedenses para finalizar outra volta fronte á Casa do Concello. Alí, como tantas outras veces no transcurso do período republicano, o mestre socialista Francisco Varela Buesa, "Don Paco", dirixiu a palabra á multitude facendo fincapé na rexeneración democrática que estaba a levar a cabo a República, para rematar cun reparto de galletas e outras larpeiradas aos rapaces asistentes. Para finalizar, a comitiva dirixíuse á Carballeira de San Xoán para xantar, merendar e andar de festa rachada.

Eran outros tempos, nos que os tratos de favor que hoxe son tan correntes na casa que debera de ser de toda a veciñanza deste Concello, e que afectan dende aos vellos ata os meniños que asisten á flamante Gardería Municipal, daquela tiñan cumprida resposta nun tecido asociativo numeroso e consciente. Era outro ambiente social e político ben diferente, que houbera rexeitado actitudes tan bochornosas como certas chamadas telefónicas que dende instancias municipais se fixeron pouco antes das eleccións autonómicas, pedindo explicacións pola inasistencia deste ou aquel veciño á papatoria que o Partido Popular argallou en Silleda.

Os tempos de agora sonche distintos, certo; pero como di a cantiga, tras os tempos veñen tempos, e, se cadra, o intre dunha nova e imprescindible rexeneración democrática que remate co caciquismo de novo cuño en Cerdedo, non ha demorar moito.

Dionísio Pereira

Este boletin recibiu unha subvención da Xunta de Galicia